



## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 13 DE ABRIL DE 2015**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas e trinta minutos do día trece de abril de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe e don Manuel Marante Gómez.

Non asisten e presentan escusa don Felipe Andreu Barallobre e don Santiago Manuel Ríos Rama.

Intervén como secretaria accidental da Corporación dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 6 de abril de 2015**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 6 de abril de 2015 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros presentes que asistiron á citada sesión (non asistiu dona Rocio vila Díaz), aprobou o citado borrador.

### **2º.- Correspondencia**

- Resolución da área de Servizos Provinciais. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Programa F0I00B: convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2015. Figura o Concello de Cambre co obxecto "Concilia Cambre", cun importe de subvención de 21.765,99 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 66, do día 10 de abril de 2015).

- Resolución da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 12 de marzo de 2015, pola que se ordena a publicación do acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. (Diario Oficial de Galicia número 65, do 8 de abril de 2015).

- Resolución da Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local, Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, do 24 de marzo de 2015, pola que se publica o acordo da Comisión



Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. (Boletín Oficial do Estado número 84, do 8 de abril de 2015).

- Resolución da Presidencia do Tribunal de Contas, do 31 de marzo de 2015, pola que se publica o acordo do Pleno, de 26 de marzo de 2015, que aproba a instrución relativa á fiscalización das contabilidades das eleccións locais e autonómicas de 24 de maio de 2015. (Boletín Oficial do Estado número 84, do 8 de abril de 2015).

- Resolución da Dirección Xeral de Emprego e Formación, Consellería de Traballo e Benestar, do 19 de marzo de 2015, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 9 de xullo de 2014 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2014 (Diario Oficial de Galicia número 137, do 21 de xullo). Figura o Concello de Cambre, cun importe concedido de 14.134,62 euros. (Diario Oficial de Galicia número 65, do 8 de abril de 2015).

- Resolución da Axencia Turismo de Galicia, do 31 de marzo de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos Premios Camiño de Santiago e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 66, do 9 de abril de 2015).

- Resolución da Dirección Xeral de Emprego e Formación, Consellería de Traballo e Benestar, do 19 de marzo de 2015, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego, dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (Diario Oficial de Galicia número 6, do 10 de xaneiro). Figura o Concello de Cambre coa definición procedemento obradoiro de emprego cun importe concedido en 2014 de 142.134,72 euros e concedido en 2015 un importe de 35.533,68 euros. (Diario Oficial de Galicia número 66, do 9 de abril de 2015).

- Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 30 de marzo de 2015, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2015 e se procede á súa convocatoria. (Diario Oficial de Galicia número 66, do 9 de abril de 2015).

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### **Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo**

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que se publicou a resolución de concesión de subvencións da Xunta de Galicia para contratar perceptores do Risga por un importe de 42.674,80



euros. Engade que se contratarán catro peóns e un conserxe, os contratos serán por un período de sete meses e cunha xornada do 65%, e agora se está co proceso de selección deste persoal.

A continuación, intervén dona Rocio Vila Díaz para aclarar que estes peóns serán, entre outros traballos, para limpar e adecuar os farois da Barcala, Cambre e Temple e para colocar os carteis de prohibición de publicidade no mobiliario urbano.

A seguir, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que dende o xoves día 9 de abril e ata o día 20 de abril está aberto o prazo para a preinscrición no programa de formación na especialidade “marketing dixital”, dentro do Plan de emprego Cambre. Engade que a data prevista do inicio da formación é o día 11 de maio de 2015.

Para rematar a súa intervención, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que no vindeiro pleno do mes de abril se incluírán as bases da IV convocatoria de “Cambre emprende”, que se amplía a un ano a percepción da subvención.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que o venres se realizou unha inspección á piscina da Barcala e se detectou que a zona de praia carecía de impermeabilización. Engade que se comunicou á empresa para que fixera un estudo dos custos, fóra do contratado, para establecer medidas que traten de evitar as humidades.

A continuación, informa respecto das obras do campo de fútbol Dani Mallo e informa que hoxe se porá o alcatrán na capa asfáltica e que esta semana comezarán coa implantación do céspede TP.

#### Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que se remataron e recepcionaron as obras nas rúas Abeleira, Martín Códax e Estanque e mañá se reporá o tráfico nesas rúas.

A continuación, informa que con motivo do día da árbore, o pasado xoves día 9 de abril, voluntarios de Alcoa e alumnos do colexio público Emilio González López de Brexo Lema plantaron duascenas árbores de especies autóctonas nas Gamelas, un terreo de titularidade municipal. Engade que participaron cincuenta nenos e nenas de 4º de primaria do centro educativo de Brexo Lema e asistiron por parte do concello ela e a concelleira de Educación María Jesús González Roel.

Para rematar a súa intervención, dona Rocio Vila Díaz informa que se recibiu o primeiro informe da secretaría Xeral do Medio Rural e Montes relativo ó PXOM e que xa se lle remitiu ao equipo redactor da empresa.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que entre semana e a seguinte comezan as obras correspondentes ao DTC 93 e POS provincial 2014.

A seguir, informa que hoxe se colocaron catro bancos de cemento na praza da Ría.

A continuación, informa en canto ao POS complementario 2013 e di que nas obras do polígono do Temple a empresa adxudicataria está pendente de presentar documentación e hai un problema co plan de xestión de residuos, que espera se poida solucionar.

#### Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación



Dona Maria Jesús González Roel informa que o venres pasado se reuniron en Cambre os técnicos de servizos sociais que compoñen o Consorcio das Mariñas para recibir formación sobre mediación familiar.

Para rematar, informa que o Consorcio asinou un convenio co Círculo de Mediación de Galicia para poñer en funcionamento un novo servizo de mediación que comezará a funcionar en breve. Engade que virán expertos polos concellos para atender a quen o necesite.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Manuel Rivas Caridad

A secretaria

Verónica María Otero López